

O Roteiro de Fiz Vergara Vilarinho

A. R. López e M. Dopico (coords.)

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LÓPEZ, A. R. E M. DOPICO (COORDS.) (2012 [2010]). “O Roteiro de Fiz Vergara Vilarinho”. *Galicie Hoxe*. “Revista das Letras”: 813 (25 de marzol), 1-8. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1436>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LÓPEZ, A. R. E M. DOPICO (COORDS.) (2010]). “O Roteiro de Fiz Vergara Vilarinho”. *Galicie Hoxe*. “Revista das Letras”: 813 (25 de marzol), 1-8.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

25 MARZO DO 2010 - NÚMERO 813

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**

MOS

A REBOLLÓNS

ENA

DA CABRA

© Roteiro de Fiz Vergara Vilariño

Sobre a poesía como inspiración, a escultura como concepto e a natureza como soporte, trece creadores galegos traballaron ao longo dos últimos meses as súas propias perspectivas para crear o Roteiro Literario-artístico pola Lóuzara de Fiz Vergara Vilariño, un proxecto impulsado pola asociación cultural Ergueitos de Sarria como homenaxe ao autor de *Os eidos da bremanza*. O proxecto xurdiu hai tres anos, na entrega do Premio Fiz Vergara Vilariño –que organiza tamén Ergueitos–, coma um reto: a posibilidade de interpretar plasticamente un poema do autor louzaraio ligado a un punto xeográfico concreto. Os trece creadores que se comprometon no reto –Eduardo Valiñas, Paco Pestana, Otero-Yglesias, Mónica Alonso,

O Roteiro de Fiz Vergara Vilariño

Violeta Bernardo, Buciños, Álvaro de la Vega, Manuel Caamaño, Caxigueiro, Fernando Yáñez, Miguel A. Macías, Paco Poy e Primitivo Lareu– utilizaron todo tipo de materiais até construír unha paisaxe paralela á de Lóuzara, un val pertencente ás serras orientais que, até agora, non tivera a identidade do Courel ou do Incio. O resultado é, por veces, inquietante, outras veces irónico e divertido, case sempre revelador dunha vía de esculca que funde latitudes literarias e plásticas. O monográfico de hoxe é unha invitación a volver a Lóuzara e descubrir, xunto á obra de Vergara Vilariño, un museo ao aire libre único en Galicia



O museo de Lóuzara


á

Lóuzara chégase por sempre por retortas estradas, vaias desde O Brollón, desde Samos ou desde O Courel. É un val eslamiado, cunha orientación que lle escamotea a luz, encaixada en ladeiras costentas de uces, nunha transición entre as chairas de Lemos e sarria ás serras orientais. Todo o que é dozura e cores ameladas no Incio –dicía Ánxel Fole– é friaxe sombriza en Lóuzara. Esa distancia, a humidade perenne, a ausencia de bosques, a nudez salvaxe, confírenlle a Lóuzara unha beleza enigmática, acrecentados o enigma e o seu silencio polo despoboamento obscuro, as aldeas abandonadas e a dinamita da mina de Aira Padrón.



O río que lle dá nome ao val, afluente do Lor, é o único que, en certo modo, lle dá continuidade á historia desta terra esquecida, sen identidade nos mapas e na memoria colectiva do colectivo. O río ten auga transparente, xélida, con troitas de círculos irisados que alostran a primeiras horas da tarde, o único momento do día no que o sol abrangue na súa totalidade o pozo verde.

Nese pozo verde, enxertado á inmovilidade dun poeta que espreitou con rixidez telegráfica a diáspora da vida –Fin Vergara Vilariño–, a asociación cultural Ergueitos creou un museo único en Galicia, un museo onde a natureza lle depara aos visitantes a sorpresa dunha arte concibida para ser iso, estremidade soñada da paisaxe.

O pasado día 18 de marzo inaugurouse o museo, tracexado como un roteiro no que trece artistas depositaron as súas creacións, algunhas camufladas nos soutos, entre as xestas ou nun recóbado inagardado do camiño. Cada unha das pezas lembra a obra de Fiz Vergara a través de poemas escollidos



Arriba, Otero-Yglesias instalando a súa escultura no cruce de Aira Padrón e a peza de Álvaro Negro no Muíño de Locai. Abaixo, a escultura de Mónica Alonso na fonte próxima á casa de Fiz Vergara e Musa, unha peza de Miguel A. Macías



dos seus libros con referencias xeográficas concretas do Val de Lóuzara e das internevciós creadas a partir destes versos.

O obxectivo de Ergeuitos foi conseguir que a palabra poética “asalte” os camiñantes dos roteiros. Para logralo, non só están as obras dos trece creadores senón tamén coas súas intervencións para que o visitante documente a xénese do proxecto.

No cruce de Foilebar, instaláronse uns paneis indicadores deseñados por Jesús Otero-Yglesias, quen descompuxo un poema de Fiz para elaborar seis nomes de lugar inexistentes na xeografía (excepto a Pena da Cabra), pero que dalgún xeito existían no poema. No Pozo de Monteiro, á beira do río Lóuzara, Caxigueiro instalou dous bloques de pedra caliza de Lóuzara, asimétricos, separados e ao mesmo tempo relacionados entre si. Nun deles, inclúese unha estrofa do poeta onde se cita a “orela” do río.

Miguel A. Macía creou unha *Musa para Fiz* que desde a cima de Santalla olla para a casa do poeta agardando que lle falen os seus versos. Paco Poy, pola súa banda, instalou na Aira de Tesín un escano e unha lareira lembrando que a casa é o cerne habitado do que bebe o poeta. Un lugar íntimo no que se instala a palabra para, desde alí, chegar ao infinito.

En Aira Padrón, Primitivo Lareu instalou “muller unicornio”, que nos sinala o inicio do camiño, o inicio do Val, o inicio dun roteiro cheo de lugares habitados e de poesía. A instalación de Buciños é unha obra que fusiona fisicamente a poesía do Fiz coa propia obra plástica, xa que introduce o soporte de aceiro cortén co poema do Fiz gravado, nunha estrutura de granito. O traballo de Violeta Bernardo é un bosque pintado que sobe ao ceo louzariño a través das palabras do Fiz.

Eduardo Valiñas creou un home de lousa que, baixo os castiñeiros da Veiga de Fía, acompañará os camiñantes que percorran os últimos metros antes de chegar a pincheira de Augadalte. Precisamente alí agardan polos visitantes os tambores de seimeira, obra de Paco Pestana. A peza de Mónica Alonso é unha reprodución a escala da cama do Fiz en metacrilato vermello, que instalou dentro da Fonte da Cova, un lugar emblemático na obra poética do poeta. Manolo Caamaño realizou unha peza en cerámica na que incluíu o poema do Fiz que acompaña o derradeiro punto do roteiro, chegando á Pedra do Río no Pozo de Beltrán.

O percorrido complétase co Home en tránsito de Álvaro de la Vega, unha pequena figura humana que camiña nun aramio sobre o Lóuzara no Muíño de Locai, e as taboas de madeira de Fernando Yáñez, situadas fronte ao muíño familiar do poeta cos versos “Fálame e moe”.



O labrador das letras

“Un poeta absolutamente verdadeiro” e, co tempo, o mellor da xeración dos “novísimos” segundo Darío Xohán Cabana. Un “mestre de lingua galega” para Xesús Alonso Montero. O “solitario de Lóuzara”, Fiz Vergara Vilariño, (1952-1997), tivo como valedores da súa obra, ademais destes, a Manuel María, Alfredo Conde, Claudio Rodríguez Fer ou Antón Tovar. E non era para menos. O poeta das “mans tullidas”, “mancado pola dor”, –tal como se definiu nunha entrevista con Lois Celeiro– dunha enfermidade sen cura, pola “inxustiza” dun mundo sometido á “ditadura do capital” e dun

“pobo masacrado” cunha “cultura espoliada e unha lingua esborrallada”, cantou, entusiasta, como ninguén ás ansias de amor, de liberdade, á paisaxe que o conformaba... “Labrador das letras”, como el dicía, foi un auténtico innovador da lingua e restaurador de palabras “gastadas polo abuso” que nos seus versos recuperaban, como sinalou Darío Xohán Cabana, o seu sentido. Crítico coa modernidade mal entendida, cunha transición que non colmaba as súas expectativas, coa guerra ou a desigualdade, coa explotación, deixou poemarios imprescindibles como *Poeta muiñeiro á deriva* (1983), *Nos eidos da bremanza* (Premio da Crítica, 1990) ou o póstumo *Animal sen fel* (1998).

Arriba, a obra e Buciños e a proposta de Paco Pestana para un soto de Lóuzara. No centro, a escultura de Fernando Yáñez, a contundencia de Caxigueiro á par do río Lóuzara e a obra de Manuel Caamaño. Abaixo, a instalación de Paco Poy e mais a de Violeta Bernardo.



